



LAGOA DE COSPEITO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3 km

Dificultade: baixa

Duración: 1 a 3 horas

A lagoa de Cospeito foi a máis extensa da Terra Cha, ocupaba máis de 70 ha, foi desecada na década de 1960, para o aproveitamento agrícola do territorio, e recuperada parcialmente na década de 1980 polo seu valor ecolóxico e ambiental. Na actualidade ten unhas 17 ha, das que só arredor de 7 son de augas permanentes, dentro dun espazo dunhas 45 ha delimitado por un camiño duns tres quilómetros de lonxitude, polo que se fai a ruta, que é chan e está ben acondicionada.

O motivo para visitala é a súa singularidade e a riqueza biolóxica que acolle. Ademais dunha abundante vexetación propia dos humidais (especies de plantas acuáticas e de ribeira) e das matogueiras, na lagoa de Cospeito ten unha das súas escasas poboacións o cardíño de lagoa (*Eryngium viviparum*), en perigo de extinción. O máis destacado é a fauna acuática, especialmente aves e insectos.


No verán podemos ver as especies aniñantes (galiñolas, parrulos e mergullóns, paxaros de bosque...) e sedentarias, e no inverno acuáticas e limícolas migratorias.

É un punto importante de cría de avefría, mergullón pequeno, pita de auga, demo negro... No inverno aparecen grandes grupos de anátidas (lavanco real, charneco, pato cullerete, pato asubión, pato rabudo, parrulo chupón, parrulo cristado, ganso...) e limícolas (avefría, mazaricos...). Tamén son frecuentes as cegoñas e as garzas. Foi declarada Refuxio de caza en 1986 e forma parte do LIC "Parga Ladra Támoga" e da Reserva da Biosfera "Terras do Miño".

COMO CHEGAR:


Accédese desde a Feira do Monte. Para facer o percorrido compre subir primeiro ao outeiro-observatorio, para ter unha visión xeral e para facerse unha composición de lugar, e logo continuar a ruta no sentido das agullas do reloxo sen deixar atrás ningún dos observatorios para poder contemplar o lugar desde distintos puntos e para poder ver aos seus moradores.

Compre levar prismáticos para poder ver con certo detalle as aves.






Avefría (*Vanellus vanellus*).



Lavancos (*Anas platyrhynchos*), o único parrulo sedentario de Galiza. A ave máis común da lagoa.



Lavacú (*Sympetrum sanguineum*).

